

----- .músicas raras. -----


(2001-2002)

MÚSICAS RARAS

.músicas raras.
(2001-2002)

Ideado e producido por Kike e Miguel entre 2000 e 2002
Almacenado nos mellores discos duros dende 20024
Perpetrado entre A Coruña e Pontevedra a principios de 2020

CC 2020 (textos, imaxes e grafismo)
de Kike Benlloch e Miguel Alonso Cambrón



[intro: Miguel]

Sempre fun máis amigo dos cus-de-saco que de calqueira outra manifestación creativa. Aqueles proxectos que a industria, o mainstream e mesmo o underground descartaron por falta de interese ou azares do destino e que quedaron ahí, agochados en caixóns, baixo moreas de burocracias vitais e dinámicas oblicuas varias. Na miña experiencia amosan un potencial extremadamente suxestivo e dan para pensar moito sobre como poderían ter sido as cousas da vida se tivéssemos tomado outros camiños.

Agora ben, salvando os romanticismos propios das idades, compre decir que revísitarse é ben fodido. Por iso o fago pouco. Reler cousas que escribiches hai anos, escoitar gravacións ou producións doutras épocas, debuxos de cando aprendías a debuxar, cando non eras quen es agora, supón mirarse no espello (acaso na poza ou no charco) do pasado e asumir que o reflexo que che devolve tamén es ti. Especialmente cando un viviu épocas coma os 90 ou o principio do século XXI, nas que o horterismo das producións da música popular oitentera (así o viviamos daquela, much respect btw) comenzaba a diluirse entre distorsións, baixas fidelidades, downtempo ou glitches revirados en obras de arte.

De calqueira xeito non hai evolución sen revisitación. E ese é un pouco o propósito desta recompilación, xunto con outro, seica máis altruista, de documentar unha época recente que conformou o que moitas persoas somos a día de hoxe e que non figura en ningures. Ás veces dá un pouco de vergoña allea, coma quen se alonxa de si mesmo e se observa desde fora, moi habitualmente cun criterio hipercrítico pouco favorable. Pero en xeral, polo menos no noso caso, priman as risas, os recordos das situacións absurdas, as aprendizaxes, os esforzos e, sobre todo, o colegueo duns tempos nos que todo era xogar e pasalo ben facendo cousas.

Isto que leredes e escoitaredes a continuación o fixemos Kike e mais eu nalgún momento entre que cheguei de Bruxelas no 2001 e marchei pa Barcelona agáin no 2006. Debeu ser aló polo 2001 ou 2002. Daquela eu vivía nos Mallos da Coruña e tiña unha terraza que era a envexa de todos os frikis da zona, alén de que quedaba de paso entre a estación de tren e o centro, e moi perto tamén do Delicias, unha das bases operativas do entorno polaço. Curraba eu nunha misteriosa tenda chamada “Duplique sus cds” que misturaba copistería, informática-nivel-usuario e centro social e na que estaba constantemente escoitando historias de xente que esperaba a que se duplicasen-sus-cedés. O normal alá polos tolos anos 2000.

Coido que Kike aínda non empezara a currar en Santiago e estaba, coma sempre, a mil facendo colaboracións aquí e acolá, entre editoriais e xornais, e viña bastante por casa. Alí artellabamos constantemente maldades novas, tocando e pensando en historias e músicas. Daquela época tan turbulenta e de tentativa constante xurdiron versátiles antollos como Slow (a historia do pequeno Isaac) onde aprendín da existencia da palabra “porén”, que fixemos adaptando un relato de Kike e gravamos aproveitando que eu estaba estudando para técnico de son e tiña acceso ao equipo e ás instalacións da escola. Ou Pinche Mundo, para o que fixen un par de temas que non recordo se finalmente viron a luz. Entre eventos, edicións, concertos, festas varias, moita pasta en tebeos e subcultura, excursións a Pontevedra e mil movidas máis co resto da cidadanía polaça e anexa (Diego, Bernal, Sa-

bela, Roque, Brais, os Covelo bros, Anxo e as Cuba sis, etc.) recordo unha época convulsamente creativa e unha das etapas nas que máis disfrutei (gozar segue sonándome a porno) desa investigación-acción colaborativa coa que comezara o noso andar-polo-mundo. Moitas grazas, xente, por teren feito aquela tolemia.

Tamén daquela foi o curioso proxecto que demos en chamar Músicas Raras, ou MMRR no noso código de comunicación interno, e que tomou forma grazas á intensa capacidade negociadora de Kike para convencer á xente de bravu.net de que nolo publicasen. Bendito sexa. En MMRR, baixo o alter ego de Miguel Castiñeira, cultivamos de forma festiva e desenfreada o xénero da ficción etnomusicolóxica, tamén chamado “fake music report”. Nada bizarro alén das idas de olla e as risas. Así pois inventamos cinco perfís de músicos ficticios, ás veces dende cero e outras misturando materiais previos, pero sempre tentando aproveitar esa fina liña entre o megacomercial e o lumpenunderground, que en sueco quere decir “o máis lamentable do underground”. Un ecoloxista que respiraba metal minimal, a primeira girl-band galega da historia, unha estudante portuguesa que compoñía electrónica bio-lenta, o drill’n’bass dun proleta vigués ou o serialismo étnico e ruidista dun panpiper de Jajouka de trixésima xeneración. Como colofón Kike convenceume para engadir unha sexta entrega sobre un dos meus heterónimos máis prolíficos, coñecido como mglon, coincidindo coa súa posta de largo escénica, no LEM de 2001. Non sei por que, mais accedín e fruto diso xurdiu unha entrevista que non fun quen de reler e un par de composicións do que andaba a facer daquela. Tremendas risas. En serio, paseino pirata.

E xa remato. Como de bravú.net no quedan máis que hiperligazóns inconexas e arquivos locais decidimos rescatar o que nos quedaba do proxecto e presentalo como documento histórico porque xa se sabe o que di a xente que sabe: o que non recorda o seu pasado está condenado a repetilo. Nada máis lonxe da nosa intención. Liberamos o noso pasado para fortalecer o noso presente. Facédeo vos mesmos.



Unha mostra da fauna friki local. De esquerda a dereita: Duarte, Anxo, Bernal, Jano, Kike e Coco.

thomas johannsen



mikis' tradyssey

[MMRR #01: Thomas Johansen]

Thomas Johansen, pioneiro do metal minimal
Miguel Castiñeira

Thomas Johansen (Londres, 1963) é unha das mentes preclaras que ofreceu a mediados dos noventa un soplo de aire fresco no círculo de tendas de música alternativa do norte de Europa. E dicimos tendas, porque este fillo de emigrantes daneses caracterízase por unha extrema timidez que lle impediu por completo actuar en vivo. “Téñolle pánico a calquera grupo humano de máis de tres persoas”, confesaba nunha entrevista do fanzine “Blink” (#4, Hamburgo, 1998).

Esta publicación, xunto cos libretos que acompañaban as cassettes de Johansen, son a única fonte de información que temos del. O músico nórdico indicaba expresamente nos impresos que acompañaban todas as súas gravacións que garantía ós consumidores de música --“pero non ás produtoras musicais”-- o dereito a reproducir e utilizar libremente as súas composicións, sempre que se fixese sen ánimo de lucro.

“Blink” acuñou con perspicacia a etiqueta “metal minimal, cun aura MIDI” para definir a música de Johansen. As súas gravacións consisten case sempre no monólogo dunha guitarra, e só ocasionalmente se fai acompañar dun baixo. Son todas composicións instrumentais, duran como máximo un minuto, e teñen unha intención bastante narrativa. No caso dun dos cortes que vos ofrecemos aquí, trátase do tema “Feeding the city” (alimentando a cidade), da súa cassette “Mikis’ tradyssey”, algo así como “a trágica odisea de Mikis”. Johansen explica que “o termo tradyssey inventeino combinando tragic e odyssey”. Mikis, emigrado desde Grecia, era un repartidor de comida a domicilio, veciño de Johansen cando este regresou a Copenhage tras vivir vinte anos na capital de Inglaterra.

Johannsen lembra: “Impresionábanme as penurias dos inmigrantes do sur de Europa, porque a emigración dos meus pais non foi nada traumática, ían os dous con traballo asegurado, e falando inglés, que en Dinamarca é practicamente unha segunda lingua natural. Vía a Mikis coas súas dificultades co idioma, correndo frenéticamente todo o día dun lado para o outro, e de aí naceu a canción, dese frenesí de Mikis, levando comida pola cidade adiante”.

Acerca da súa propia música, Johannsen afirma: “Vivimos nunha era na que a xente está obsesionada coa orde, as normas, as leis. Hai que entender que combater o caos é contraproducente. Hai que deixarse ir, harmonizarse co desorden, ¿entendes o que quero dicir? Gastamos demasiada enerxía en nadar contracorrente, cando deberíamos deixarnos ir e intentar chegar a algún sitio que nos guste. O universo tende da orde á entropía, e iso é o que penso que se reflicte nas miñas composicións, o que a miña música intenta transmitir.”

[01. Feeding the city]

[02. Hectic distortion]



A portada do mítico Blink nº 4



:: mafalda g. :: o alento do bosque ::

[MMRR #02: Mafalda G.]

Mafalda G.: A electrónica ecolóxica
Miguel Castiñeira

Mafalda G. é unha universitaria do Porto de só vintedous anos que compón música electrónica. Faino como divertimento, pero os resultados son sorprendentes. Practicamente descoñecida tanto en Portugal como fóra, ten xa dous CDs autopublicados, do segundo dos cales (“O alento do bosque”) vos ofrecemos aquí dous temas en rigurosa exclusiva, así como unha entrevista coa interesantísima compositora.

Debo comezar por dicirche que, persoalmente, cancións como “O cavalo e o río” [do seu último compacto “O alento do bosque”] me parecen simplemente xeniais.

Gracias. “O cavalo e o río” tamén é un dos meus cortes favoritos.

¿De onde che ven a inspiración?

O que fixen ata agora foi escoller unha serie de lugares da miña infancia e intentar traballar sobre as sensacións que me evocaban.

¿Algunha vez presentaches o teu traballo a discográficas?

Non, nin creo que o vaia facer. Non me interesa meterme no aspecto comercial do mundo da música. O importante é a relación íntima que se produce entre a miña música e as setenta ou oitenta persoas que compraron os meus CDs. Non digo que estea mal o lado comercial da música, simplemente que eu non quero entrar nel.

¿Que software utilizas para facer a túa música?

A verdade é que non teño preferencias. Traballo co que vou atopando, ás veces

ocórreseme unha imaxe e busco samples que encaixen con ela. Outras veces comezo a fedellar cos programas e sae o que sae.

Na redacción de Bravú.Net rimos un bo cacho inventando etiquetas para definir a túa música. Ó final escollemos "a electrónica ecolóxica", ¿que che parece? [Risas] Paréceme graciosa. Non está mal, eu daríavos outras: electrónica bio-lenta (con be), polimorfismo dixital... non é difícil inventar adxectivos. De todos modos, é moi triste que as únicas palabras que aplicamos á música sexan adxectivos, a categoría gramatical máis pobre.

¿Novos proxectos?

Non penso nisto como un traballo e nunca planifico nada do que fago. Seguirei componendo mentres o pase ben. Debería facer unha páxina web para a miña música, pero a verdade é que non teño demasiado tempo.

[03. O cavalo e o río]

[04. O alento do bosque]



Foto promo de Mafalda G.

Checkpoint Charlie

O Z
O Z
O Z
O Z
O Z
O Z
O Z
O Z
O Z

ool

Tm

O Z O N O . m p 3

m):

y otros tracks del m

O N O



[MMRR #03: Checkpoint Charlie]

Un Checkpoint Charlie en Vigo

Miguel Castiñeira

¡Por fin esta sección comeza a destapar talento galego! Comezabamos falando do nórdico Thomas Johansenn e da lusa Mafalda G. Pero se na anterior edición vos traíamos en primicia mundial o grupo galego 1976, agora falámosvos dunha nova contribución autóctona. Vendo precisamente o artigo sobre Mafalda G., un rapaz de Vigo, que responde ás iniciais C.F.G. –como nas páxinas de sucesos dos xornais-, e que prefire permanecer no anonimato do seu alcume artístico, Checkpoint Charlie, mandounos unha mensaxe de correo electrónico. O email básicamente berraba ¡Hei, que non hai que sair de Galicia para dar con autores de música electrónica! Así que raudos e veloces achegámonos á cidade olívica para realizar esta entrevista.

No camiño viña escoitando o CD que nos mandaches e escollín o teu tema “Ozono” para poñer en Bravú.Net, gústanme eses sons xoguetóns-lúdico-dixitais, e especialmente cando a partir do 2:21 metes ese cambio brutal. Aparece como unha invasión, eses ritmos mecánicos que aplastan ó ointe...

Mira, iso que me dis... A ver cómo cho explico... O que me gusta da música electrónica é que, na concepción, resulta moi intuitiva, case tes a mente en branco, é todo moi abstracto, e sen embargo, despois, cando a xente escoita o que fixeches, está todo o tempo visualizando cousas en concreto. O outro día o meu sobriño dicíame “mola, es como una peli de marcianos” [risas]. Eu cando estou componendo non penso en nada, pero sen embargo logo a xente escoita e si que lle fai pensar en cousas. Iso é xenial, ver cómo unha mesma composición lle pode suxerir cousas distintas a diferentes ointes. Por iso eu penso que tanta xente que fai música electrónica non lle pon voces ás súas composicións, para non mediatizar ó ointe con palabras...

...Que a música faga o "traballo" ela soa.

Exacto.

¿Tes algunha formación musical convencional?


Fun tres anos ó conservatorio, pero deixeiño. Tiven a mala sorte de dar con persoas que tiñan unha visión moi limitada das cousas. Eu entendo que unha formación digamos "clásica" pode ser beneficiosa e mesmo necesaria, aínda que despois ti queiras escapar de todo iso. Pero o problema é cando dás con xente que vive no século dezasete. Iso non leva a ningures. A verdade é que me aburría.

Prozack deixa o negocio... ¿Que futuro lle ves á música electrónica en Galicia?

O de Prozack, pois non sei qué dicirche. A min o que me fastidia é o mesmo que á xente que fai outros tipos de música: cómo chegar ó público. Os cauces están todos controlados polas multinacionais. As radios, todo. Se ti tes unha banda de rockandroll aquí ó lado en Cangas, por moi bo que sexas, o máis seguro é non te vaias comer nada. A xente que facemos música electrónica deberíamos intentar coordinarnos un pouco, porque facemos a guerra cada un polo noso lado, cada un aí encerrado na súa casa co seu ordenata dalle que te pego. Deberíamos mirar de encontrar un pequeno círculo de locais nas cidades galegas, onde poder montar sesións, coñecer o que facemos uns e outros, mesmo quén sabe se sacar algún CD colectivo, non sei, calquera cousa menos quedarnos quietos.

[05. Ozono]

sabes que te quiero



1976

[MMRR #04: 1976]

1976: ¿As primeiras pop-stars galegas?
por Miguel Castiñeira

A primeira pregunta seguro que xa vola teñen feito moitas veces e quérovos pedir desculpas por adiantado se vos parece mal... ¿Pretendedes ser unha especie de Spice Girls galegas?

[Delia] Buff...

[Ana L] Para ser sincera, quen nos dera. Hai xente que mira mal a ese tipo de grupos, pero para nós o importante é ser unhas boas profesionais á hora de cantar e de subir a un escenario.

[Ana S] Hai mogollón de grupos así. Son un de tantos grupos que che gustan en determinado momento. Pero nada en especial. Gústannos moito máis as Supremes.

Pero mesmo levades dous nomes iguais con iniciais distintas, como Mel B e Mel C...

[Ana S] Pero iso é normal. É que ó primeiro sempre nos confundiamos ó haber dúas Anas no grupo.

[Delia] Falando coas outras amigas, empezamos a dicir “¿Que Ana, Ana de Lugo ou Ana de Santiago?” E despois Ana-ele, Ana-ese, e ó final quedou mogollón de cómodo así.

¿O nome do grupo é polo voso ano de nacemento?

[Ana L] Ás rapazas non nos gusta dicir a nosa idade... O por qué do nome tampouco queremos desvelalo demasiado, simplemente é un nome orixinal e gústanos.

¿Por que os dous rombos na portada do CD?

[Ana L] É que ás veces somos un pouco picaronas e lembrámonos de cando eramos pequeniñas e aínda lle puñan os dous rombos ás pelis subidas de tono. Mesmo fixemos unhas camisetas cos dous rombos, están guai. Se queres dámosche unha pero tesnos que facer publicidade por aí.

Por suposto. Outra cousa da portada, se sodes un trío ¿como é que saídes cinco na portada?

[Delia] A foto en realidade non somos nós, senón a miña nai, a de Ana S e outras amigas do instituto. Foi feita en 1971. É que nos gustaba moito e pareceunos que a portada quedaba xenial así.

[Ana S] En realidade non somos tres, senón catro porque a nosa técnica de son, Miki, compón moitas das nosas cancións.

[Ana L] A Miki non a convencemos para que cantara, aínda que ten unha voz preciosa, pero é unha máis do grupo porque moitas cancións son a música e maila letra dela.

¿Xa déchedes moitos concertos?

[Delia] Este verán pasado foi cando empezamos, aínda que con cousas pequenas: algúns guateques, festas de cumpreanos, ou no meu barrio. Pero seguro que a partir de agora nos saen moitas cousas. Se alguén está interesado en

contratarnos, só ten que dicírnolo.


Pois xa saben, amigos, se na próxima festa da súa vila queren contar coa presenza de 1976, escriban a redaccion@bravu.net

[06. 1976 - Sabes que te quero - Cool Phili Remix]

[07. 1976 - Sabes que te quero - T Banda Remix]

[08. Kike, Mglon e Coco - Sabes que te quero - Impro 01-11-200]

Contraportada do "Sabes que te quero" de 1976





مشروع
البحر
الهدوء

Yunik L'Afta Sans peur

[MMRR #05: Yunik L'Afta (inédito)]

[09. Yunik L'Afta - Sin título]




Foto promocional de Yunik L'Afta

X2CD06
XO

glon^m complex

reconstituyente LEMnésico
007 cápsulas
vía rectal

café del sol / 24:00 / 10-11-01



[MMRR #06: mGlon (inédito)]

mGlon: Terapia sonora

¿Como te meteches no mundo da música electrónica?

Home, non sei o que entendes ti por “música electrónica,” pero se te refires a feddellar con maquiñas e facer barullo, levo dende que houbo ordenador na miña casa. Basicamente facendo experimentos con programas moi simples como o reproductor de sons do windows. Logo diso tiveren acceso a programas cada vez máis complexos. Ao principio os temas non pasaban do minuto e pouco a pouco foron durando máis e máis ata agora. O máis longo creo que ten once minutos. En canto á “movida,” tamén foi por casualidade. Cando estaba a estudar en Barcelona entrei en contacto con Gràcia Territori Sonor, unha asociación pola difusión da música experimental. Ofreceron un curso en “método de composición objetiva” impartido por Victor Nubla e como o que eu facía (e fago) eran experimentos, fun de cabeza. Alí coñecín a xente moi curiosa e aprendín moito.

¿Como ves o panorama da música electrónica por terras galegas, a nivel de creación, coñecemento, difusión, etc?

Pois estame a sorprender moitísimo. Dende que volví e me instalei de novo na Coruña estou a descubrir moita variedade. E non fai falla irse a Prozak. Mesmo aquí hai rolos boísimos, cada vez máis e non só pinchadiscos, tamén a nivel compositivo hai xente moi válida como “Persona,” “Autoy,” o grupo de “Apartamento para Tres” ou “La Sintoteca.” O problema é o de sempre: a escasa, case nula resposta institucional. As poucas iniciativas que xorden son de aficionados ou xente cercana ao “mundillo”. Falta locais e falta interés político. A ver cando se enteran de que tamén estamos aquí.

De tódolos xeitos, cada vez vexo máis iniciativas xa non só centradas na música nin na electrónica senon dun carácter cultural máis amplo. Mola mazo.

¿De onde naceu a idea da performance?

Non, tes que pronuncialo como se escribe: per-for-mán-ce (risas). Pois se che digo a verdade todo é froito do meu pánico escénico conxénito. Logo de termos acabado o curso aquel de GTS fun mandándolles os meus experimentos. Ao final acabaron por ofrecermes un concerto no LEM, o festival de música experimental do barrio de Gràcia de Barcelona. O primeiro ano non puideron ir porque estaba de Erasmus en Bruxelas.

Foi a segunda convocatoria (o 2001) cando decidín presentar o proxecto. O caso é que os experimentos que facía daquela eran traballo na casa, que en directo só se podían reproducir e sentarse a escoitar e parecíame moi cutre. Entón falei cun antigo compañeiro de clase de Barcelona, o ilustre Andrés Noarde, para que me axudase na parte escénica. Éste moveu a uns cantos colegas e así saíu a idea da performance. Per-for-mán-ce.

¿Que finalidade lle ves á “per-for-mán-ce”? ¿Pódese reproducir noutros escenarios?

Home, a finalidade que lle vexo eu é a que tivo e ten para min: non expoñer somentes a miña música e desvia-la atención da miña persoa para o proceso. Logo, ata lle podes buscar explicacións máis enrevesadas. A que máis me convenceu das que escoitei foi a do Andrés. Era algo así como (pon acento de Chiquito de la Calzada) “hacer que el compositor insensible a sus propias creaciones pueda sentir su música de otra forma y después ofrecer al público la posibilidad de también sentirlo.” Éche un poeta.

Respecto á segunda pregunta, creo que sería posible, e altamente recomendable, repetir a experiencia noutros lugares. De feito, os de GTS quedaron gratamente sorprendidos e dixeron que tentarían buscarnos máis actuacións. O de eu volver a poñerme aló, non sei, tería que pensalo, depende do lugar e do espacio, non sei...

Preséntanos á xente coa que representaches a performance.

As dúas cabezas pensantes foron Andrés Noarde e Xavier Bofill, os dous de Barcelona. Estes foron os que idearon o proxecto e moveron ao resto da xente. Ámbolos dous andaban polo bar vestidos con batas brancas repartindo panfletos e preguntándolle á xente se querían subir á camilla.

Logo do tema introductorio aparece Pep Figueras, o que fora percusionista de Macromassa tamén cunha bata branca, percutindo con multitude de obxectos: xoquetes, maracas, bolsas de moitos tipos.

Ao final saen Miriam e Vivi, as dúas fisioterapeutas, ademais de simpáticas e gráciles, tamén vestidas de hospital para masaxear o corpo do compositor e dos que se presten.

A verdade é que o pasei de puta madre traballando con eles. Case que non foi traballo, máis ben, como din os cataláns, "esparcemento."

[10. era Tradisprolong - mGlon]

[11. Pequena Morte - mGlon]

Checkpoint Charlie

sabes que te quero



O Z pol Tm O Z O N O . m p 3
O Z (ra) y otros tracks del m
O Z O N O



1976



:: mafalda g. :: o alento do bosque ::



[outro: kike]

“It deals with the two great mysteries of creation – life and death. I think it will thrill you. It may shock you. It might even – horrify you.”

Como Miguel lembra foi pela volta de 2001-2002 que fizemos vários experimentos musicais, modestos mas muito nossos, e se quadra por isso os lembramos com especial estima. Entre eles, “Músicas Raras”, que principalmente foi uma compilação de peças da sua autoria singular. Aí eu o único que fizemos foi escutar a sua produção na época, escolher e pintar mentalmente o retrato de compositores e compositoras apócrifos, elaborando uma camada narrativa na qual me perguntava quem seriam esses supostos intérpretes e por que optariam por cada estilo. Mas é, no musical, um conjunto de trabalhos que Miguel já tinha feitos ou estava fazendo, eu só lhes adicionei a ficção textual e os articulei em torno a um eixo conceptual.

Uma coisa realmente curiosa é que eu não sou muito de música “experimental” (fora de obras mestras em que possa bater casualmente como um “Open Eye Signal” de Jon Hopkins) mas adoro todas estas canções, acho que são realmente evocadoras, daí que me resultasse realmente fácil inventar histórias a partir delas: da guitarra estridente dum tipo escandinavo até a eletrónica minimalista dumha rapariga portuguesa, tudo colhe na ampla gama de registros que M criou e isso é mérito del.

Onde realmente eu contribuímos musicalmente foi na terceira entrega, na que inventámos umha banda feminina a partir de composiçom e letra minha. Para lhes darmos vida tivemos a sorte de poder contar coas vozes de Pepa Yáñez e Filipa Fava, solventes vocalistas já entom experientes em diversos projetos e com cuja contribuiçom Miguel fijo umhas misturas bem jeitosas a partir do gravado no estúdio de PC Carrier na Corunha. Ali mesmo registramos outras canções que ainda nom divulgámos, sendo “Slow” umha das mais míticas para nós, que já fora adaptada a banda desenhada previamente ou por aquela época. Pode que no futuro vos partilhemos essa e outras criações se lhes dermos mais forma.

Como contava el no texto de abertura, é certo que a casa de Miguelón foi umha pequena “Open house” como a que cantava Lou Reed com John Cale no inesquecível “Songs for Drella”. Às vezes o local em que surge essa “magia de andar pola casa” é um centro municipal, umha okupa ou umha vivenda particular, umha cafetaria... nunca sabes. Junta-se gente talvez de jeito casual e da sinergia, do erro, da vontade, dos distintos caracteres, nasce algo. Nós tivemos improvisações com Coco Lens, sessões com aquela violinista estona cujo nome nom lembramos, visitas, conversas, risos, rayadas várias. Por ali passou toda a gente da fundacional Polaquia, de Funcómic e demais iniciativas. O que eu nom contava é que além de fazermos banda desenhada acabaríamos fazendo música...!

Além de MMRR (das quais divulgáramos quatro capítulos, e agora tamém os dous seguintes que estavam previamente inéditos), de Miguel tendes que escuitar algunha das minhas favoritas como “dudáctica” em <https://mglon.bandcamp.com/track/dud-ctica> num disco fantástico seu, “reconstRuido”. E de Coco podeis ouvir por exemplo o que fijo com Mano de Obra em <https://mano-deobra.bandcamp.com>

Maravilha-me que na nossa pequena cidade houvesse e haja gente com este talento, botada para adiante para criar fora de todo circuito e preconceito comercial. Se gostas de navegar polos cursos fluviais do realmente alternativo, desejo-che que gozes a metade do que eu co que levam feito. Em <https://mglon.bandcamp.com/> tens 19 álbuns por onde começar. Enjoy!

MÚSICAS RARAS

----- .músicas raras. -----
(2001-2002)

- [01. Feeding the city - Thomas Johannsen]
- [02. Hectic distortion - Thomas Johannsen]
- [03. O cavalo e o rio - Mafalda G.]
- [04. O alento do bosque - Mafalda G.]
- [05. Ozono - Checkpoint Charlie]
- [06. Sabes que te quero (Cool Phili Remix) - 1976]
- [07. Sabes que te quero (T Banda Remix) - 1976]
- [08. Sabes que te quero (Impro 01-11-200) - The Lords of DaGuarda]
- [09. Sans titre - Yunik L'Afta]
- [10. eraTradisprolong - mGlon]
- [11. Pequena Morte - mGlon]

[Stylized Chinese characters]-----
----- .músicas raras. -----
(2001-2002)